

# A CANDEA



Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO" EXEMPLAR GRATUITO REVISTA TRIMESTRAL ABRIL 2001 Depósito Legal: LU 454 - 00 Nº 4

1º Aniversario

## REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico



**SUMARIO**

Foto de Portada - Juan Pablo Moreiras

Páx 2 ..... Editorial - (Guía de teléfonos)

Páx 3 ..... Puntos de Información

Páx 4 . . . "As Nosas Parroquias" San Pedro de Esperante

Páx 5 ..... "O Carro"

Páx 6 . . . . . "Quince Anos sen Ánxel Fole no Caurel"

Páx 7 ..... O Patrimonio Cultural de O Caurel

Páx 8 ..... Cando o Lixo se Converte en Natureza

Páx 9 . . . . . Ruta Moreda-Monte Cido

Páx 10 ..... Comentarios - Homenaxe a os Padernes

Páx 11 ..... O Loureiro

Páx 12 ..... Festas do Concello de Folgoso do Caurel

Páx 14 . . . . . Fotos do Mundo do Caurel

Páx 17 ..... Entrevista a Javier Guitián

Páx 19 . . . . . O Amencer de Branca

Páx 21 . . . . . Cousas que Aconteceron

Páx 22 . . . . . Rutas pola Serra

Páx 23 . . . O Caurel: Desenvolvemento ou Desaparición

Páx 24 . . . . . De que Falamos

Páx 25 . . . . . O Castro de Vilar do Caurel

Páx 26 . . . . . Quebracabezas / A Candea 1º Aniv./ Breves

**EDITORIAL**

¡É importante, non deterse, non mirar para tras, ir sempre coa fronte erguida, mirar hacia adiante coa ilusión do que virá, do que está por vir!. Así fai un ano empezamos este traballo, sin agochar a fronte, con ilusión de ver medrar esta publicación, acostumarnos xa ás felicitacións e críticas, os intres duros e os doces. Agora que A CANDEA xa camiña, xa se sente adulta. Tócanos, máis que nunca, mirar para diante, esquecer os tropezos, os primeiros gateos e camiñar ben erguidos pero sin deixar de lado o coidado destas follas. O feito de que xa camiñemos non quere decir que nos sintamos seguros, libres de tropezo, calquera mal paso da con nos de fuciños non chan e iso causa dor.

Si valoramos este primeiro ano de vida da Revista temos que comezar a falar das moitas satisfaccións que facer este traballo conleva. Eses intres de nervos, de afogo e, as veces, prisas, veise recompensado en moitas ocasións pola crítica constructiva de quen adica un anaquiño do seu tempo a leer esta humilde publicación e quen reconece e valora os moitos defectos que cometemos. Pero a bo seguro tamén temos algunha que outra virtude. Temos que dicir que das críticas apréndese, sexan boas ou malas, e neste caso o lector é o que ten que xulgar, el ten a última palabra. Tamén temos que dicir que si alguén critica o noso traballo é por que está a leelo e eso dinos algo.

Fai agora doce meses aquel proxecto-ficción, que alguén comentaba, saíu a rúa e así nacía a primeira revista ou publicación do CAUREL. Pasou un ano e aquel proxecto segue sendo realidade aínda que alguén o dubide, Non sabemos por canto tempo; pero co agarimo que nos están a demostrar faremos o posible para seguir loitando e facer que A CANDEA se poida leer número tras número.

Non son poucos os atrancos que atopamos para poder amosar este traballo; isto ten un custo e temos que afrontalo. A axuda económica non nos permite grandes estiramentos. A Revista chega ós lectores cun custo cero, é ise o noso desexo, pero esto supón un maior esforzo e o chamamento que facemos de axuda as veces non ten resposta e outras veces millor que non a tivera.

De todos xeitos grazíñas a todos, os que leen estas páxinas, os que nos critican, os que nos dan un empuxonciño moral, a quen creu en nos dende un principio, e como non, a quen nos bota unha man neso do tema económico.

**TELÉFONOS DE INTERÉS**

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	<b>982 43 31 02</b>
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	<b>982 43 30 68</b>
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	<b>982 41 79 00</b>
EMERXENCIAS MÉDICAS	<b>061</b>
SOS GALICIA	<b>112</b>
CRUZVERMELLA (PEDRAFITA)	<b>982 36 70 06</b>
CRUZVERMELLA (QUIROGA)	<b>982 42 83 55</b>
FARMACIA (FOLGOSO)	<b>982 43 30 54</b>
CASA DO CONCELLO	<b>982 43 30 01</b>
CUARTEL GARDA CIVIL (SEOANE)	<b>982 43 30 83</b>
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	<b>982 42 82 11</b>
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	<b>982 40 49 50</b>
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	<b>982 40 20 96</b>
INCENDIOS FORESTAIS	<b>085</b>



A MELLOR MANEIRA  
DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Ó PE DA FERMOUSA DEVEZA DE PADERNE

Información e reserva:

Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL



## PUNTOS DE INFORMACIÓN

Achegámonos ó Caurel a pasar parte das nosas vacacións na serra por primeira vez. Tantos pasos nestas terras fannos acabar deitándonos no berce que foi dos nosos antepasados. Seguro que eles non pensarían xamáis que os nosos avós e pais marcharían e que nós viríamos de turismo. En certa medida fomos desterrados polas circunstancias, porque os antergos non acadaron recursos ou porque viron as cousas máis fáciles noutras terras, por certo, ben próximas. Pero nunca seremos desertores; e menos turistas.

Mais mirado o tema dende outro prisma, realmente estes días que andamos con equipaxe lixeiro pola serra e un pouco coma vacas soltas, atopámonos con que non temos onde obter unha pinga de información sen ir ó veciño de turno. Non hai ningún problema, porque a xente é aberta, pero eu comprendo que ás veces pode resultar algo dificultoso para unha xente - e para outra un verdadeiro coñazo - de ter que aturar a uns e outros preguntando por todo. E o problema pode ser maior se temos en conta que a xente de fóra non entende o galego e que é ben certo que a serra do Caurel é internacional porque recibe xente de tódolos continentes.

O outro día comentábame un viaxeiro na localidade de Santa Comba, preto de Santiago, que o gran problema para coñecer-lo Caurel e que é preciso contar con xente da zona que esté disposto a enseñalo. Eu dicíalle que eso é unha vantaxe, pero o imprescindible e de recibo, é ter facilidade para obter información sen andar de pedigüeño. Claro que tamén hai guías, pero as veces non hai onde mercalas e outras non son de todo



fiaveis, coma algunha que di dun elemento arquitectónico traído de Asturias como algo típico da zona.

Non é a nosa intención falar de iniciativas privadas cara a ofrecer información, xa que pode haber intereses, e por iso o punto de mira é as administracións e asociacións competentes no eido. Non diremos sobor de quen se debería de falar, pero aseguro que os apropiados saben ben quen son.

É triste que os viaxeiros que chegan ó Caurel non podan disfrutar completamente. Deben de ter en conta que non é culpa dos veciños nin de grupos que non teñen os medios. Analicen pois e pensen quen pode se-lo cuestionado.

Pensamos que é fácil habilitar uns canles para que a xente poda ter información sobre as posibilidades do Caurel. Simplemente é ter gañas de facer cousas. Tamén pode ser que haxa medo a dar información porque din que é a base do poder. Ese medo o poderían te-los veciños e resulta que son os que fan de guías e informadores. Así as cousas, pensemos

quen son os competentes na materia e os incompetentes. Claro está que uns calan e outros falan. Porqué será?. Quen o pode explicar? A ver se o averigüamos nestas vacacións nas terras dos nosos antepasados. Ah... Felices vacacións, aínda que sexa sen informacións.

X. URUGALLO

### FAITE COLABORADOR DA ASOCIACIÓN

*Si desexas formar parte da Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" como colaborador e así participar nas actividades que este colectivo organiza, recibir a Revista A CANDEA no teu enderezo, formar parte dos grupos de traballo para limpeza e sinalización de sendeiros, en definitiva, si desexas coñecer mellor o Caurel pide información. Escribe ó seguinte enderezo: "Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" Froxán, 4 - 27325 O CAUREL Lugo*

**NOTA:** A Asociación "FONTE do MILAGRO" non se responsabiliza do contido dos traballos e cartas que se publican nesta Revista, pasando esa responsabilidade o autor ou autores. É o noso desexo que estas follas sirvan de entretemento, e dalgun xeito den a coñecer máis o Caurel, as súas necesidades, inxedanzas a súa cultura e tradicións, os servicios, as fermosas paisaxes etc. Agradecemos tódalas cartas que nos estan a chegar para que a traves deste medio podan ser leídas por quen olla ou curioseoa esta revista, pero, é conveniente que cando nos envíes estos escritos, veñan acompañados dos datos personales do autor, aínda que asine con pseudonimo. Si desexas que a tua carta saia no próximo número, non tardes en enviala, a ser posible antes do 15 de outubro do 2001.

Esta publicación faise integramente en galego, si o teu texto ven en castelán o outro idioma será traducido.

## URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS  
MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN  
MOBLES

**VENTA DE PISOS EN FOLGOSO**  
**TELÉFONO: 982 433 026**

## URBANO ARZA, S.L.

SUPERMERCADO  
FERRETERÍA  
BAZAR  
ROUPA E CALZADO

**FOLGOSO DE CAUREL (LUGO)**  
**TELÉFONO: 982 433 026**



## As nosas parroquias

# SAN PEDRO DE ESPERANTE



Está formada polos seguintes núcleos de poboación: Campelo, Carbedo, Castro Romeor, Esperante, Mostad e Romeor. Está bañada polas augas do río Lor e o Romeor; ten altitudes superiores ós mil metros, sendo a máis alta Monte Campelo con 1230 metros de altitude. O terreo é moi quebrado e a terra moi fértil e productiva; abundan sobre todo os pastos e árbores frutais tales coma: mazairas, cirdeiras, pereiras, nogais e sobre todo castiñeiros.

Según se recolle do Catastro do Marqués da Ensenada do ano 1752 os lindes desta parroquia son os seguintes: “... Linda por la parte de Levante y se divide de la feligresía y coto de Visuña en el marco de Couto a la Fuente del Can que es a la parte del sur, de aquí sigue al sitio que llaman Corral de Yeguas que divide dicha feligresía de esta de la de San Juan de Seoane; de aquí sigue al marco de Fontes que tambien divide ambas feligresías, de aquí sigue por un camino carretero hasta el marco da Fonte da Bica y al de Penalua división a la parte del poniente de las dos feligresías que quedan expresadas, de aquí sigue al marco llamado de Sotuelo a la pena do Sendeiro, rio arriba hasta carrozo de Caurel seguindo al de arredonda de aquí sigue al do lombar y petada da moriceira en derechura a la veiga de cima y castiñeiro Rapado de este sigue al rio de la puente lor al marco de tambelín división que en la parte del norte divide a la feligresía de la de San Vicente de Lousada de aquí sigue al marco da poza Cabeza de Lombao al de Pedro Amigo al da Caborca de Chandepena y al de Uz Marela primera demarcación a la parte de levante.

Tiene esta feligresía desde Levante a Poniente una Legua y de Norte a Sur cuarto y media de Legua y de circunferencia dos Leguas y Media que para caminarlas por lo áspero y quebrado de la tierra se necesitan cinco horas y media...”

É nesta parroquia donde máis vestixos quedaron do paso doutras culturas: obras da inxeniería romana como o tunel da Antigua en Romeor que formaba parte do conducto para levar auga as excavacións auríferas de Millares e do Torubio Este e Oeste; o Castelo do Carbedo, enclavado nun montículo ó que só se ten acceso por un sendeiro da parte norte (hoxe en día deslucido pola ubicación na súa entrada dunha torreta de alta tensión), desta contrucción xa falou o Licenciado Molina no século XVI ó que facía referencia como “fortaleza do Caurel”. É o Monte Cido outro dos lugares de gran interese arqueolóxico, nel atopáronse a Tésera de Hospitalidade e a Aiga do Carbedo, pezas que hoxe se exponen no Museo Provincial de Lugo. As necrópolis de Esperante, o Castro da Devesa do Rei e outros é a boa mostra da pisada que, nesta parroquia deixaron outras civilizacións.

Dado o seu suelo calizo, son varias as covas que aquí se atopan e que son apreciadas polos afeccionados a espeleoloxía: as de Mostad ou a Sima de Aradela (a máis profunda, ata o de agora, coñecida en Galicia) son algunhas delas.

É San Pedro o patrón desta feligresía e a igrexa atópase ubicada nun montículo enriba do río Lor cerca da poboación de Esperante.

Hoxa en día nesta parroquia foron perdéndose as festas e romarias que noutrora tiveron moita sona, no Carbedo honrábase a Santiago, en Millares a Santa Bárbara, en Mostad a San Mamede recuperada fai unhos anos despois de moitos esquecida, en Esperante festexábase o San Roque e en Romeor O Bo Xesús unha das poucas que perdura e que sigue a manterse ano tras ano, sendo cada edición máis concurrida.

A poboación coma no resto do Concello está a padecer unha perda importante, contaba no ano 1900 con 459 habitantes e hoxe pouco sobrepasa os 100.



## ROTULOS



## Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07



## O CARRO

### AS SÚAS ORIXES

Para localizar-las orixes do carro temos que remontarnos ata a Idade de Bronce, xa que desta época datan carros que se atoparon en Italia e nalgúñas citanias portuguesas ( onde se acharon tamén pegadas de rodas). En referencia a súa procedencia hai quen defende que é céltica, e quen defende que o seu berce parte dos Bárbaros dos que máis tarde arrincaría a estirpe Celta. O que si se pode reseñar e que a súa invención tal vez foi contemporánea á domesticación do boi e doutros animais.

Os Celtas acadaron unha grande sonda coma constructores de carros, sendo fundamental o seu uso nos castros.


Os Romanos empregárono para o transporte de mercancías, para conducirlos víveres e as vagaxes do exército, sendo moi significativo que apareza representada na columna Trajana. Os Galos, Bretóns e os Helvecios tamén se serviron del.

O útil de acarreo máis empregado en Galicia foi o carro, perdurando ata os nosos días, pero nestes momentos xa case desapareceu deixando paso ós avances

tecnolóxicos. Hoxe en día o carro pódese ver case exclusivamente como material decorativo e como un elemento máis nos museos etnográficos para dar fe da súa importancia nas tarefas das xentes durante moitos séculos.

O carro sufríu miúdos cambios entre unhas zonas e outras do país galego, polo que ó mesmo modelo nótanselle unhas leves variacións, por exemplo, nas zonas montañosas coma a nosa fanse máis lixeiros e estreitos.

O animal de tiro máis empregado era o boi, xa que o seu poderío físico é maior, tamén se empregaba con moita frecuencia como animal de tiro a vaca, polo que en moitas ocasións utilizábase máis dunha parella xa que o esforzo era moi grande, isto tamén ocurría en ocasións cos bois, dependendo do traballo a realizar e do terreo por onde tiña que pasar, é dicir, dependía das pendentes do terreo



### O CARRO NO CAUREL

¿Que foi do cantar do carro?. Hoxe en día xa non se escoita, xa que os tempos cambian e o carro é unha das cousas que quedaron atrás, xa que a mecanización fixo que se fora deixando de usar. Pero volvendo a outros tempos, o carro era un dos apoios máis utilizados e que facían a vida dos campesiños máis levadeira, pois empregábase para multitude de cousas, carrexábase todo tipo de aparellos e produtos relacionados tanto coa labouira do campo, e tamén, por exemplo no carrexo de materiais para a construción.

Había datas señaladas nas que os carros tiñan un son especial, é dicir, o seu canto era máis frecuente xa que se trataba de épocas nas que os carros traían

moito peso e empregábanse durante días, isto é, cando se recollía a herba, o pan, as patacas. Os carros nestas datas viñan ateigados, e entón expresaban cada un a súa cantinela particular.

O carro empregado nesta zona é o carro de chede, non o de mesa, e caracterízase por ser máis pequeno e estreito que en outros lugares. As súas partes máis características representáremolas no seguinte debuxo.

SARA MARTINEZ GALLEGO  
SECEDA

Turismo

CASAS

Rural

**CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA**

6 HABITACIONES  
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS  
COCINA

CASA COMPLETA  
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618



## “QUINCE ANOS sen ÁNXEL FOLE no Caurel

Cando se cumpren quince anos do pasamento do escritor Ánxel Fole, (1903-1986), os que desexen seguir as pegadas do escritor lucense pola serra do Caurel, poden facelo a través dos contos que Fole foi quen de reinventar tras escoitalos nas vellas cantinas que noutrora se espallaron pola serra.

Co fin de darlle clases ós fillos da Familia Quiroga, Ánxel Fole instalouse no Pazo da Veiguiña, en Terras de Quiroga, no ano 1941, no tempo libre dedicouse a falar cos "conta-contos" da serra, é dicir, cos paisanos que relataban, dun modo natural, vellas historias que mergullaron ó escritor no imaxinario popular. Nos anos 1950-1952, Ánxel Fole escribiu na Veiguiña o seu primeiro libro de contos "Á lus do Candil" que sacou a luz a Editorial Galaxia, fundada no ano 50.

Os narradores de "Á lus..." son homes da serra do Caurel. A escena desenvólvese na "Casa de Abrantes", mentres a neve cobre as pegadas dos lobos e no interior da casa os rostros se iluminan co lume da lareira mesturada coa luz do carburo. O viño da ribeira, anima ós "conta-contos" a relatar historias nas que non faltan premonicións como a "morte anunciada". Os "conta-contos" proban o queixo, pode que de farruca, enfeitado polas mans dalgunha muller da serra. Mentres sobe o café, algún tenta o chocolate. O conto da "Viña do Alén", do libro "Á lus do Candil", lévanos á feira de Rubián, onde na "Casa do Tumbaron", os tratantes dan boa conta dos "chourizos con cachelos e viño do Lor"(...) Mais o conto de "Os lobos" fainos ir tras ó castrador de Rugando ata a "Cantina de Santa Cruz", na que o capador-"xoga a besta con tódolos arreos, e perdeuna"(...). O singular roteiro, lévanos tralas pegadas do capador de Rugando que segundo Fole: "tivo que andar a pé castrando ranchos

desde Leixazós a Pacios, ou de Bustelo a Vilañán(...)". Os contos de Ánxel Fole anímannos a percorrer as aldeas caureláns, moitas delas noutrora pertencentes o Concello de Folgoso do Caurel e que o illamento levou ós veciños a solicitar pasar ó Concello de Quiroga. Pobos como Vilarbacú, onde se desenvolve outro dos contos de Fole. "Bieito da Corga" teimou saír de Vilarbacú unha noite de xeada e, "cando ía para Ferramolín, se derrumbou polo canto do Mazo e foi dar ó río, quedou defunto cos cadrís partidos por testalán (...)". O escritor lucense condúcenos pola "Terra Brava", terra onde noutrora abundaron os lobos que lamentablemente están a piques de desaparecer. Os contos de Fole achégannos ata a "terra das aguías", aguías que coroan O Pía Páxaro e beben as bágoas da choiva na lagoa da Lucenza. O itinerario mergúllanos na poética da devesa da Rogueira, onde os camiñantes reciben a caricia dos teixos e o sorriso vermello dos escornabois. Fole axúdanos a escoitar as cantareiras do Caurel ó son das gaitas e dos rumorosos regatos, sen esquecer os silandeiros lamentos das múltiples fervenzas. O escritor lucense descóbrenos a través dos sendeiros literarios, silenciosos camiños onde a natureza estala no seu máximo esplendor, sendeiros que noutrora uniron as aldeas da serra, como os que a Asociación Fonte de Milagro está a recuperar.

Hai quince anos que Ánxel Fole deixou de percorrer os camiños caureláns, mais quedaron os lugares e personaxes que o escritor soñou. Sendeiros que seguen á espera de ser descubertos.

Mercedes Vázquez Saavedra.



### Turismo rural Casa de Hospedería

# Casa CALELLON

3 HABITACIONES CON BAÑO  
COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO  
PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409



## O PATRIMONIO CULTURAL DE O CAUREL

O Caurel é unha zona historicamente abandonada polos diferentes gobernos, tanto nacionais como provinciais, ata o punto de que ata os anos 30 o acceso á zona tan só era posible a cabalo ou a pé a través das difíciles entradas (case sempre con algún porto polo medio que atravesar e uns camiños practicamente intransitables). Quizás por iso o noso patrimonio cultural non é abondoso coma noutras zonas próximas como poden ser Samos, O Cebreiro, O Incio, etc. Pero o pouco que temos tampouco nos esmeramos en protexelo dado que, entroutras cousas, existen uns cantos albares coas súas características formas circulares, construídos en pedra (uns en estado ruinoso e outros en vías de estalo) sin que a ninguén se lle ocorra frear ise inexorable deterioro.

Dende o campo de tiro de Folgoso pódense ollar uns tres ou catro abandonados e son bastantes máis no conxunto do Caurel-, supoño que serán dalguén, a quen se lle debería esixir a súa conservación ou, de non interesarlle, que ceda os seus dereitos ó Concello coa finalidade de que xestione, ante as Autoridades competentes, o seu arranxo, que non suporía un coste excesivo e sería un atractivo máis para os visitantes que, ó mesmo tempo que disfrutarían

duna boa paisaxe coñecerían mellor a historia desas construcións que, sen dúbida, lles espertan grande interese xa que son moitas as persoas que preguntan ós lugareños para que servían.

É unha pena que o pouco patrimonio cultural que nos queda en pé se nos esfume. Deberíamos procurar deixar os nosos descendentes aquilo que recibimos dos nosos antepasados, que aínda que non foron moi prolíferos, sen dúbida por falta de cultura formativa e medios económicos, deixáronnos un legado que nos debemos procurar conservar e mellorar no posible. Do contrario ¡qué estéril ía ser o noso paso pola vida no noso Caurel!. Por elo sería enormemente gratificante poder contar co apoio e a valiosa colaboración de cantos estean dispostos a demostrar o seu cariño polo Caurel aportando o seu entusiasmo (sin o que sería imposible emprender proxecto algún) co convencimiento de que si todos e cada un de nos, tanto os que viven no Caurel como os que vivimos fora pero que sentimos un profundo cariño por él e polos nosos pobos ou aldeas en particular, o resultado final sería extraordinario, e a nosa satisfacción por haber feito un bon traballo en equipo e

desinteresadamente, encheríanos de orgullo ó ver que milloramos o noso patrimonio cultural e, sobre todo, por haber conseguido formar un bo equipo de traballo sin máis lucro, a curto prazo, que a inmensa satisfacción de haber feito ben as tarefas aínda que sexa con anos de atraso, pero feitos o fin, tanto para nos como para as vindeiras xeneracións.

Un pobo é o que os seus habitantes queiran que sexa, e nos temos que querer e poder para mellorar o noso Caurel dado que, sen dúbida, vale a pena. Non podemos esperar a que veñan de fora a presentarnos proxectos e facilitarnos todos os medios económicos; isto en Occidente xa non existe, nos habemos de amosar que temos ideas e que estamos dispostos a levalas a cabo, co apoio exterior dende logo, pero coa nosa iniciativa. Alo menos esa que sexa nosa.

Ademais dos albares temos muíños, tamén nun lamentable abandono (dous deles en Folgoso) donde, sobre todo "O Moin da Veiga", nunha fermosa paraxe, en un estado perfectamente recuperable, se podería facer unha fermosa área recreativa para disfrutar dela nos meses estivais, polo que debería espertar o noso desexo de recuperación co fin de dar un atractivo máis ós visitantes, xa que canto máis lles ofrezamos, máis nos visitarán, co conseguente

beneficio dado que supón a revalorización da zona e o seu despegue económico (que boa falta nos fai). Debemos evitar a toda costa que a súa poboación siga descendendo tan escandalosamente en 50 anos pasamos duns 6.000 habitantes a menos dos 2.000 actuais- e nos somos culpables en boa medida dado que nunca fixemos nada para millorar o noso entorno. Os nosos pobos están cada vez máis deteriorados debido as incontroladas construcións, tema do que xa se ven ocupando a prensa últimamente e que xa era hora, -a maior parte delas facendo gala dun mal gusto horroroso- sin que a ninguén se lle ocorriera nunca por freo a tan escandalosos ataques á arquitectura autóctona.

Permitese o derribo de casas perfectamente restaurables para levantar no seu lugar outras a base de bloques de cemento ou ladrillo e deixalas así todo o tempo que un quere, ou sempre si ó propietario lle apetece. Temos que esquecermos da tan repetida frase por esos lares de "eu no meu terreo fago o que quero". Eso xa non é así nestes tempos, para Caurel tamén existen leies que deben ser respetadas, o que fai falta é quen as faga cumprir facendo sempre gala dun bon criterio exento de



Forno de pan do Caurel



**CASA  
CATUXO**

**COCINA NATURAL  
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13  
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel



amiguismos, que deso sabemos bastante os galegos. Todos somos iguais e a todos se nos debe medir polo mesmo raseiro, dando sempre preferencia ó ben da comunidade posto que a comunidade somos todos.

No Caurel aínda se pode construír máis da metade dunha casa nunha praza pública sen que a ninguén se lle ocurra pedir documento de propiedade do solar que se vai ocupar para comprobar si realmente é seu ou non, e valorar no caso de que realmente sexa seu si o tipo de construción que se vaia levar a cabo se axusta ou non ás características da zona e o tipo de arquitectura do seu entorno máis cercano, de ser así, ise veciño merece o apoio xeral e o agradecemento por mellorar os nosos pobos ou aldeas. Si sempre se houbera actuado así, hoxe o

Caurel sería unha xoia de incalculable valor. Menos mal que a paisaxe non se pode quitar do lugar no que o colocou a natureza, si non máis dun do propio Caurel quetaríanolos para levalo para a súa casa e evitar que ninguén máis puidera disfrutar de. Así somos, e así seremos si non cambiamos os nosos anacrónicos defectos seculares e nos esquecemos doutra frase non menos famosa "eu non participo porque o máis beneficiado sería o veciño", sin darnos conta de que veciños somos todos e que si hoxe perdemosmañá gañaremos.

ARTURO ARGILES (FOLGOSO)

## CANDO O LIXO SE CONVERTE EN NATUREZA...

Coma tódolos días abríñ o xornal... Folla vai, folla ven, ¡ahí está! ¡a canteira de Folgoso de Caurel é natural!, ou polo menos xa está aceptada polo "plan natura" (debe se-la primeira da historia), segundo lin nesta noticia o lixo convértese en natureza ¡Felicitacións, canta riqueza vamos ter no futuro!

Parece que cambiaron os tempos..., incluso pasan os anos polo diccionario, non convencido volvíno a mirar, natureza seguía facendo referencia a algo limpo, sen lixo, ¡Non o podía crer! ¿E que hai xente que considera que unha canteira é algo natural? Hai xente ben "cultas", non sei como son capaces de facer que algo sucio semelle algo limpo sen estalo, son uns auténticos espertos.

Para os organismos que "miran pola natureza" o incompatible co medio ambiente son as casas de veciños que non están feitas de pedra (É espantoso ver casas novas nunha paisaxe tan "enxebre"), sen embargo, en calquera paraxe natural, podemos atopar, coma no Concello de Folgoso do Caurel (e non Courel, como din os "entendidos"), unha estupenda e contaminadora (perdón, ecolóxica) canteira de lousa, parece que os "estudiados" de hoxe din que é limpo modificar trazados de estradas, devastar montañas enteiras onde podían vivir moitos paxaros "contaminantes", pero claro, non vaíamos estragar este perfecto ecosistema canteireiro onde os depredadores son, por suposto, os xefes. Pero a tarefa máis limpa desta "greenpeace do Caurel" é botar residuos ó río, será que pensan que alimentan ás troitas cos seus verquidos ¡que nivel, inventan unha nova especie! (¡e despois din que a clonación é innovadora!), pero o que máis me sorprende e que as nosas autoridades municipais, "ecolóxicas", por suposto, a defendan. Chegaron a dicir que creaba 300 postos de traballo, haberá alguén capaz de imaxinarse que iso poida ser certo nun concello onde a maior parte da poboación activa, sendo pouca, se adica á

agricultura e á gandeiría, (será que contratan xubilados ou nenos, ¡nunca se sabe!).

Máis tamén me acordo e, porque non dicilo, que si hai xente no Caurel que quere á ecoloxía e loita por mante-lo medio natural en estado puro, esta xente quixo poñer minicentrales hidroeléctricas para preserva-lo medio, non sei se rirme ou chorar cando digo que esto non foi permitido por ter visos de contaminante, ("Greenpeace", acláranos esto).

Eu non estou en contra do progreso, pero creo que se consideran que unha canteira non afecta o medio ambiente, ¿por qué van afectar casas particulares feitas de ladrillos e cemento?, póñanme un profesor particular señores estudiados, que eu non me entero de nada, ¡esperen que ó mellor quede anticuado...!

Lin na revista do Caurel, a Candeia, o artigo case en primeira páxina dun tal Urogallo, e dígolle que eu, coma vostede, penso que as riquezas mineiras deben ser explotadas, como tal, como mineiría, pero o problema e que estan non están aceptadas así, a nosa canteira figura como construción (pero lóxicamente o ladrillo e o cemento non se empregan para nada), e por si fora pouco as riquezas que señera non quedan no noso concello, ¡dígolles eu que ahí non hai negocio!

En resumo, e como dan a entender os nosos homes de letras, vivimos contaminados moitos anos sen enterarnos, pero que non cunda o pánico que veñen as canteiras a limpalo medio (aínda que, teñan coidado, non constrúan casas que pode ser perxudicial), xa temos solución para que peche o burato negro, e como añadidura, a do Caurel da de comer os peixes. ¡Nótase que vamos cara ó futuro!...

O MOUCHO



HOSTAL RESTAURANTE

**A Fontiña**

En la Sierra del Caurel

Seoane del Caurel, Telf.: 982 43 31 06 (Lugo)

- Habitaciones con baño y calefacción
- La mejor comida típica de la zona:

- Grelos con castañas
- Entremeses de la casa
- Churrasco y cordero
- Tartas caseras



## RUTA MOREDA-MONTE CIDO (OU SERRA DAS TRAVESAS) OS PERICEIROS MOREDA

Para os camiñantes que non coñezan o Caurel é conveniente que utilicen o mapa topográfico nacional de Seone do Caurel, de escala 1: 25000, nº 1571.

**DURACIÓN:** Camiñando a modiño pode levar 4 horas facer o percorrido. Xente preparada e que coñeza a ruta pode facelo en dúas horas. A distancia que se cubre é de 7.5 quilómetros.

**DESNIVEL :** A cota máxima coincide coa máxima do Monte Cido, está preto da pista que vai de Campelo a Moreda, o sitio chámase Chao do Outeiro, ten unha altitude de 1008 m., deste punto sae tamén o camiño que baixa ó Castelo do Carbedo (antiguamente Castelo do Courel). Aquí Cido fúndese cos montes de Campelo.

A cota mínima atópase na intersección do carrozo de Pelodorríos co camiño da Rogueira, está a 710 m. de altitude. Preto atópase o, tan fotografiado, sequeiro que ten un castiñeiro pegado á súa parede.


**DIFICULTADE :** Salvo algunhas pendentes de corto percorrido, a dificultade é baixa. Na primeira metade o piso é máis irregular e estreito, sobre todo no lombo de Cido entre ás ruínas das construcións romanas. Dende o Chao do Outeiro ata entrada en Moreda temos unha pista de terra. Como ó rematar a primeira parte estamos preto de Moreda, podemos facer o percorrido en dúas etapas e incluso levar nenos pequenos.

A segunda metade faise toda ela por camiño de carro, o chan é liso salvo na baixada próxima ó camiño da Rogueira.

**DETALLES DE INTERESE QUE PODEMOS MIRAR:** A aldea de Moreda coas súas fermosas casas repartidas en barrios, o establecemento de turismo rural CASA ROGUEIRA, a Aula de Natureza.

No Monte Cido podemos atopar aciñeirais, carballeiras, impresionantes cantiles, ruínas romanas...

O Souto de Moreda, as leiras, as cabanas, os sequeiros, os ríos e carrozos, as presas e os regos e as covas, vistas da Devesa de Rogueira, Formigueiros, A Lomba, Alto do Couto, Val de Moreda, Canón do Lor, Monte de Campelo, A escrita, O Taro Branco, O Cebreiro, A Serra do Rañadoiro, A Mina da Toca; Vistas das aldeas de Moreda, Parada, Mercurin, Vilasibil, Miraz,



Castelo do Carbedo dende Cido

Meiraos, Piñeira, Lousada, Seixo, Esperante, Carbedo, Liñariños e Campelo, tamén se ve parte da Vila de Seoane e a cara sur do Castelo do Carbedo, (a máis descoñecida).


Ó longo de todo o percorrido pódense observar unha gran variedade de plantas herbáceas, arbustivas e de grandes árbores.

**PERCORRIDO :** Comezamos en Moreda, mellor deixar o coche preto da Aula de Natureza. Buscamos a praza onde está a fonte e o palco da música. Logo de cruzar a praza collemos a dereita, esquerda, dereita e atopamos a capela que está fora das casas, é de cor branca. Avanzamos un pouco e xa vemos ó lonxe un camiño que, con unha suave pendente, sube polo Monte Cido deixando atrás Moreda. Deixamo-la capilla e atopamos un cruce de tres camiños, collemos o do medio que é unha calella esterita. Facemos unha ampla curva e comeza o sendeiro na rocha. Uns metros máis adiante atopamos unha bifurcación; nos collemos o sendeiro estreito da esquerda que ten menos

pendente. Andamos 200 mts. aprox. e atopamos, a esquerda do camiño, un tronco de castiñeiro queimado que está nunha viña abandonada, aínda se vei Moreda. Seguimos o camiño, xa non se vei Moreda, veise Parada, estamos noutra bifurcación do sendeiro, collemos a dereita facendo un escalón. Agora o camiño non ten perda ata o lombo de Cido (ata aquí levamos 2 quilómetros aprox.); aquí collemos a dereita buscando sempre o sendeiro que discorre polo cumio do monte en dirección Moreda pero a moita altura. Estamos xa na zona de ruínas romanas que durarán casi dous quilómetros; os primeiros 300 mts. son os máis duros pola súa forte pendente, despois ven a zona de cantiles. No Chao de Outeiro remata o percorrido polo Monte Cido, aquí deixamos o camiño da dereita que baixa o Castelo do Carbedo, deixamos a pista de terra que vai a Campelo e collemos a dereita pola pista que vai a Moreda. Preto da aldea comeza un camiño de cemento con forte pendente e na primeira curva, que ten máis de 130°, hai un balado quitamedos metálico; se seguimos a dereita polo camiño de cemento chegamos a parte alta de Moreda. Se collemos a esquerda, polo camiño de terra, continuamos a ruta. Non coller o primeiro camiño a dereita que tamén baixa a Moreda. Seguir sempre o camiño máis pisado. Despois dunha subida de 150 mts. atopamos unha bifurcación, a esquerda chegaríamos as cabanas de Moreda Maior, que merece a pena visitalas; nos collemos o camiño da dereita que baixa para continuar a ruta, pasamos por unha zona de prados, leiras e árbores espalladas primeiro unha cabana a dereita do camiño, despois outra, logo o carrozo de Pelodorríos, cruzámolo e adentrámonos na base do penedo dos Pariceiros que está cuberto dun denso bosque, bordeamos a rocha por un camiño colgado e chegamos a un camiño máis apacible e casi plano en máis de 100 mts. Ó final atopamos unha bifurcación xa enriba dos prados de regadío do Carrozo da Muíña, desvíamonos a dereita e seguimos cara abaixo, sempre sen baixar ós prados imos en dirección ó camiño que vai da Rogueira a Moreda, un pouquiño antes de chegar a él está a Cova de Vello e o camiño presenta unha forte pendente en baixada que está empedrado. Chegamos ó sequeiro do camiño da Devesa e collemos a dereita; xa estamos cerca da Aula da Natureza donde nos espera o coche.

### NOTAS DE INTERESE :

- Non esquecerse de levar auga, calzado e roupa axeitada.
- Agás indicación expresa, non complicarse con sendeiros



Sequeiro na Ruta

- b) Agás indicación expresa, non complicarse con sendeiros pouco pisados ou que leven a fincas particulares, en caso de dúbida seguir a senda máis mallada.
- c) No lombo de Monte Cido parece ser que estaba asentada unha cidade entre as cotas 820 mts. e 1001 mts. ó longo de casi 2 quilómetros, aquí atopáronse, na segunda metade do século XX, unha aguiña de bronce e unha Tabla de Hospitalidade do ano 28 d. C. O Monte Cido é un macizo alargado de uns 3 quilómetros de cumio que se levanta de supeto na Ferrería de

Seoane e vai aumentando en altitude ata chegar a Campelo. Separa o val do río de Moreda do val do río Lor e mailas aldeas de Esperante e Carbedo. A cara norte do Monte é casi vertical. Na parte do Monte que está sobre Moreda están os cimentos dunha gran torre defensiva que aquí se chama Torre Cabreira.

ORLANDO ALVAREZ

## COMENTARIOS

Estou últimamente a escoitar cada día máis comentarios e inquiredanzas, case sempre relacionadas coas necesidades deste concello, queixas de servicios case que mínimos, que un lugar coma este debe ter. Moitos son os que se achegan O Caurel a visitar e disfrutar da súa incomparable beleza e case todos fan as mesmas preguntas: ¿Donde está a oficina de información turística? ¿Dónde está a gasoleneira? ¿Dónde están as rutas de sendeirismo que veñen indicadas nas escasas e deficientes guías que nos dan ou nos venden?. Preguntas estas, que para min non teñen sinxela resposta, e parece difícil atopar quen pode respostalas, aínda que as veces sexa con unha mentira piadosa. Estas carencias que sofre O Caurel son a proba viva do esquecemento que A Serra padece. ¿Non ten entidade O Caurel como para ter unha oficina de información para os visitantes ou curiosos que desexen saber ou coñecer algo máis deste Concello?. Unha gasoleneira para surtir os moitos vehículos que hoxe percorren ás estreitas estradas da zona sin ter que desplazarnos trinta ou corenta quilómetros de ida e outros tantos de volta para darlle alimento o noso medio de locomoción. ¿ Non é esta unha necesidade?. ¿ Non é necesaria unha información en xeito de guía ou algo así que leve as persoas que se achegan a percorrer camiños e carreiros a disfrutar do percorrido e non convertírense en auténticos Indiana Jones sin saber a donde vai ou

donde acaba o camiño ou carreiro e a que hora e donde rematará a súa aventura?. E coa miña ignorancia preguntome. ¿Non sera que si se fai algo, igual causa un forte impacto ambiental para a zona? ¡Claro! hoxe eso do impacto está tan de moda... Sexamos ben pensados e metámonos na cabeza que este esquecemento e froito da casualidade e non da mala fé.

¿Cando o viaxeiro ou amigo do Caurel se poderá achegar á oficina para ser amablemente informado do que se pode atopar na zona? ¿Cando poderemos encher o depósito do coche sin ter que facer case que unha viaxe, e non de turismo? ¿Cando os fermosos camiños e sendeiros estarán limpos e sinalizados para uso e disfrute dos, cada día máis, afeccionados o sendeirismo?. Pero, ¿é tan difícil dar solución a estas necesidades?.

Eu prefiro pensar que os nosos políticos ou os que nos administran non saben nada disto, quizas descoñezan as necesidades do Caurel ou quen sabe si descoñecen que O Caurel existe.

Ahora quedame a esperanza de que algún destes señores que manda, lea estas letras e se de conta que O Caurel existe, que é unha realidade, e como tal ten necesidades, e non poucas.

EVARISTO MÉNDEZ

## HOMENAXE A OS PADERNES



Músicos "Os padernes" anos 30

O Vindeiro 5 de Agosto vaise celebrar o IV FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL. Un acontecemento que pretende revitalizar os nosos vellos cantares, os que o paso do tempo non foi capaz de borrar das prodixiosas memorias dos nosos maiores. O Filandón pretende xustamente ser unha mostra dun pasado non moi lonxano dunha terra única. Única en xentes dunha gran cultura baseada no respecto mutuo. No Filandón podemos adeprender moitas cousas de persoas sabias que, non somentes se concentra nos cantares senón que transmite os sentimentos dun pobo recio e valente coma palabra mesma.

Nesta edición do Filandón pretendemos ter un recoñecemento aos músicos de Paderne que, ao longo dun século marcaron a vida do Caurel. Eles recorreron paso a paso os camiños do Caurel, levando alegría e ilusión a vellos e nenos de lugar a lugar. A súa impronta

quedou afí. Non se puñeron ricos, pero si que enriqueceron a quen os escoitou.

¡Oh canta soidade se empeza a vivir nas altas terras do Caurel!. Aquel Caurel cheo de xentes. Aquelas festas, aquelas feiras quedan para o recordo. A música de Paderne xa forma parte do recordo, como símbolo sublime dun pasado. Pero aínda queda espacio prá esperanza, por eso a nosa fé nesta terra animanos a seguir loitando por un Caurel ao que lle debemos todo.

Unha gravación en CD e Cassette que se presentará nesta IV edición do Filandón servirá para prolongar na memoria desta Terra aos Padernes.



## O LOUREIRO

O Loureiro, (*laurus nobilis*) vello nome latino, (*laurus*) derivado do celta, (*laur*) que significa verde. (*Nobilis*) por ser de porte maxestuoso.


Árbore aromática que pode chegar ata 20 metros de altura, con follas coriáceas de cor verde escura, máis pálidas no envés. As follas están provistas de células oleiceiras que lle confiren un forte e característico olor. Flores amarelas que saen entre febreiro e abril, o froito é unha baga, ovoide, carnosa, primeiro verde e negra na madurez; madura a principios de outono.

O loureiro é unha árbore orixinaria da rexión mediterránea, é frecuente encontralo nos barrancos húmidos e umbrosos do Caurel. Na antigüidade era unha planta venerada e consagrada ós deuses, especialmente a Apolo; despois considérase como remedio contra a peste e como funxicida eficaz. Os estudantes na antigüidade recibían un ramo de loureiro

(de aquí deriva a palabra Bachelato, *bacca-laureatus*). Os emperadores, os artistas e os licenciados coroábanse con el; este costume perdurou ata a Idade Media; e na antiga Roma prendían o lume fregando dúas pólas secas, unha de hedra e outra de loureiro. No Caurel había a costume de levar un ramo á misa o Domingo de Ramos e despois "afumar" as casas con el atribuíndolle propiedades máxicas que aínda hoxe moita xente considera que ten, tanto é así que con bastante frecuencia, unha folla de loureiro no bolsillo é considerado un bo amuleto... Tamén foi utilizado (e sigue sendo na actualidade) para afumar a longaniza un ramo de loureiro e tamén o símbolo da victoria. A miúdo colócase no tellado ou na cheminea dunha casa ó rematar a obra.

Foi cultivado nos xardíns como árbore ornamental; as súas follas moi usadas como condimento entran en certos preparados farmacéuticos; en veterinaria utilízanse contra os parásitos dos animais domésticos.

A súa madeira utilizada en marquetería, exhala un agradable olor, ademais de ser bastante dura, ademais o loureiro forma parte da nosa paisaxe como un elemento máis, e aparece como suxeito principal en numerosas cantigas, lendas e contos de tradición oral como a seguinte cantiga antiga:



Desgraciado do loureiro  
Que está a beira do camiño  
Cada persona que pasa  
Tíralle o seu ramallíño.

JESÚS ALFONSO PARADA JATO



# SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RUA MANUEL MARIA 2-4 BAIXO TLF 982 203 985 e-mail:cancela cocinas@teleline.es

## “FESTAS DO CONCELLO DE FOLGOSO DO CAUREL”

Ánxel Fole foi quen de levarnos de festa en festa, festas que celebrábanse en tódolos pobos da serra do Caurel.- "*As de máis xentío son a do Rosario de Pacios, a de San Miguel de Soldón, os Doros na Seara, e as de Seoane e Folgoso*"(...) (*A lus...*)- Son moitos os que lembran as festas de **San Xoán de Seoane**, mais hai uns anos que non se celebran. No seu defecto, o segundo domingo de novembro ten lugar a "**Festa da Castaña**", exaltación da castaña e os produtos que se elaboran a partir da mesma. As castañas introdúcense en tambores de ferro que xiran por riba do lume, cando os "bullós" están asados sérvense acompañados de viño novo, non fallan pratos e sobremesas, entre os que é de salientar unha exquisita "torta de castaña". O singular evento altermase entre **Seoane e Folgoso**, encárgase da festa a Asociación de Mulleres Rurais e a Asociación de Comerciantes do Concello que tamén organizou o segundo sábado de xuño a **primeira festa da 3ª Idade**. ¡Moitas foron as festas que foron desaparecendo!, como as festas de San Roque de **Esperante** que gozaban de gran sona, e algúns aínda lembran o festexo de Santo Antonio. Pero unhas festas acaban e outras nacen, como "O Filandón" de Esperante, ideada polo musicólogo Xose Lois Foxo, que en data variable, polo verán, consegue xuntar músicos e cantores da serra. Pero **O Carbedo** deixou de celebrar o Santiago, o 25 de Xullo, e o primeiro domingo de setembro, hai anos que a aldea deixou de ter festa. Pola contra **Mostad**, aínda que quedou sen ermida, súplea con ilusión e hai dous anos celebraron o San Mamede, o 27 de agosto. E poucos son os que lembran as antigas festas de **Millares**, a aldea quedou sen capela, sen festa e sen Santa Bárbara. Contan que despois da guerra chegaron a facer festa en **Campelo**, onde ó parecer quedou un destacamento de soldados. Mais **Romeor** segue a festexar O Bo Xesús, o 6 e 7 de setembro, que noutrora xuntou con San Tirso chegando a festexar as dúas advocacións na mesma data. Hai dous anos, **Visuña**, aínda festexou Santa Eufemia os días 16-17-18 de setembro, non faltou misa e baile ó que acudiron os veciños dos cinco barretes e ata chegou algún de fora que noutrora vivira na deshabitada aldea de **Hórreos** que dende hai moitos anos non ten xente, nin festa de San Pedro. Nembargantes **Ferramulín** segue facendo festa, a cantineira mete en danza ós veciños, non faltan as guitarras e gaitas da Asociación Teixo. Na outra cara da serra, o día 22 de xaneiro, escóitase o punteiro do gaiteiro de **Piñeira** na lembranza da festa de San Vicente. O mesmo acontece en **Vilela** que ten gaiteiro e gaiteira, mais os veciños son poucos e deixaron de celebrar a Santa de Magdala o día 22 de xullo. Pero de cando en vez o 6 de agosto, os de **Teixeira** volven celebrar o Bo Xesús, festa de sona e ofrecidos que dan voltas á ermida. Tamén **Noceda** festexa o

San Pedro, animado polos alumnos da Escola de Gaitas do Caurel que teñen escola e taller a carón da casa do director da banda de gaitas, o Sr. Foxo quen promove a recuperación da tradicional "Malla de Noceda". Levantan o mallo e golpean con forza a espiga para que solte o gran. Manxares, viño e ruada ata ben entrada a noite.

¿Cómo é posible que non se celebre a antiga romaría de Santa María de **Meiraos**?, en tempos foi unha das romarías de máis sona da serra. Segundo contan, acudían os romeiros de toda a comarca e de alén do Cebreiro, viñan ata peregrinos do Bierzo. A falta de romaría o día 15 de agosto, o párroco celebra misa e procesión escoltado pola Banda de Gaitas. Mais **Vilasibíl** deixara de festexar ó Apostolo, a ermida de Santiago caera no abandono e estivo a piques de desaparecer, e deixouse de celebrar a festa; os veciños tomaron cartas no asunto e



Procesión en Meiraos 1963

Foto Vicente

arranxaron a ermida e celebrouse a festa. A mágoa é que **Miraz** deixara de celebrar o San Pedro, pero a ermida quedou sen santo e a aldea..., sen festa. **Paderne** sempre foi unha aldea festeira, celebraba o San Martiño o día 11 de novembro. O viño novo viña da ribeira e de antigo din que chegaron a traer viño do Bierzo. Nunca faltou un groló ó son das célebres orquestras dos "Padernes Vellos" e os "Padernes Novos", logo a festa pasou ó primeiro domingo de xullo, data que se segue a celebrar. **Pedrafita** rezou sempre a Santa Bárbara para que os librra do trono, a festa era o domingo seguinte da Ascensión, pero ó quedar poucos veciños acabou a música.

O mesmo pasou coa festa de San Miguel de **Mercurín**, que o día 29 de setembro compartía festexo cos da **Ferrería**



Hostal-Mezón  
 O Mirador  
 MIREILLE TOSONI

Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL



**Vella**, logo pasou ó día 8 de maio. Mais aínda que acabou seguen a face-lo roscón nas dúas datas, polo "San Miguel Vello"(29-9) e no "San Miguel Novo"(8-5). A **Ferrería Nova**, o primeiro venres de agosto, algúns anos ten a "Festa Verde" que organiza a Asociación Vitoreira. Pero **Parada** deixou de escoitar o son dos gaiteros o día 26 de setembro, noutrora rezou a San Román na capela que está a carón da Casa natal do poeta do Caurel: Uxio Novoneira. **Moreda** como Parada descansa a pé da Rogueira e segue loitando por ter dous días de baile polo San Mateo, o 21 de setembro. Pola contra, na outra cara da serra, **Sobredo** deixou de celebrar a San Silvestre. O pasado inverno, un repique de campás sorprendeu á xente, era o sineiro de Vilamor que veu tocar a **Seceda**, na lembranza dos vellos tempos. O señor cura, falou no sermón da festa de San Blas. E os veciños tentan recupera-la festa. Máis difícil o teñen os de **Cortes**, que o día 4 de outubro, de San Francisco, erguíanse ó son dos gaiteros. Mais acabou a festa, pero a inminente recuperación das vivendas pode que reviva a aldea e á troula. **Ferreirós de Arriba** deixou de celebrar o San Pedro, mais dende hai uns anos, os propietarios do Bar Pontón recuperaron a festa do Apóstolo Santiago de **Ferreirós de Abaixo**. Noutrora os festexos eran xunto á capela, hoxe organízanse no incomparable oasis do Pontón, preto do río. Xa dicía Ánxel Fole que as festas do Carme de **Folgo** eran de moito xentío. En tempos celebrábanse o día 16 de xullo, e logo pasaron ó mes de setembro a causa da sega, mais a festa seguiu sempre celebrándose. Nos últimos anos, Folgo alterna con Seoane a "Festa da Castaña", da que demos conta nas festas de Seoane. O último ano, Paco "O forestal" encargouse de vesti-lo souto, e aínda que caeu choiva abondo, a xente fartouse de viño e de "bullós" na Festa da Castaña de Folgo. **A Ponte, Valdomir, A Pendella e A Campa** festexaban xuntos o solsticio de inverno que logo celebrou o San Sebastián, o 21 de xaneiro e pasaron á Pascua. Hai un par de anos os gaiteros tocaron a carón da ermida na Ponte, e este ano din que houbo algo de festexo. Pero difícil o teñen os veciños de **Touzón**, que compartían a festa de San Roque cos da Pendella e Valdomir. A emigración deixou un só veciño en Touzón, á espera de que volvan os outros... Os vellos contan que os seus avós dicían que a noite do 23 ó 24 de San Xoán en **Eiriz** prendían lume ás fogueiras e que as mozas botaban rosas silvestres na auga. Mais tal festa pasou para o mes de agosto e agora, de cando en vez xúntanse e volven a face-la festa. **Vidallón**, conta cunha gaiteira, pero hai anos que deixou de celebrar a Santa Olalla, o baile tiña lugar fronte á ermida, por riba do castro, mais acabou o baile. O mesmo que en **Vilar**



Procesión en Meiraos 1999

que deixaron de ter festa no souto preto da capela de San Roque. Pero, ó pé do Pía Páxaro, segue a festa de **Santa Eufemia**, noutrora o 16 de setembro e agora os días 17 e 18 de agosto. Pola mañá cedo, a alborada ergue á xente da cama, e con sorte escóitase algunha cantareira. Outras festas substitúen as antigas, coma a nova **Festa da Virxe do Lor** que no verán, celebran no **Alto do Boi**. Pero **Vilamor**, foi outra das aldeas festeiras. O pasado inverno o Pedáneo animou á xente e celebraron o San Vicente ou "**Festa dos toxos**". Din que en tempos o 22 de xaneiro a aldea estaba chea de neve e barro, e como non podían bailar, os veciños acordaron bailar nas cortes por riba da toxeira. Este ano a xente volveu bailar cos galochos por riba dos toxos. A entrañable festa rematou cunha merendada a carón do lume ó son das gaitas do director da Banda de gaitas e da gaiteira de Vidallón. Os romances correron a cargo de "O pescador". Animados polo éxito os veciños acordaron recupera-la antiga romaría do Corpus Christi, que este ano a fixeron o día 23, antes de san Xoán. Houbo misa, festa, romeiros e poemas á Virxe. Mais os de **Froxán** non se quedan atrás. De antigo celebraban o solsticio de inverno que supliron coa festa a Santo Estevo, o día 26 de nadal, mais logo pasou ó mes de agosto e nos últimos tempos os veciños de Froxán e a **Asociación Fonte do Milagro** festexan ó Santo nun singular "**Magosto de agosto**" que dura ata altas horas da noite. A Asociación Fonte do Milagro recuperou unha tradición de grande valor etnográfico, a "**Pisa da castaña**". Baile e comida con produtos da serra e deliciosas castañas. A veciña aldea de **Castro Portela** ten poucos habitantes, pero o pasado verán volveron a festexar o Santiago; o que non acontece no solitario **Mazo**, que en tempos celebrou a San Miguel. Cómpre dicir que a aldea quedou baleira, pero aínda se escoitan as ancestrais notas da gaita dun vello gaiteiro. **Carballal** xa non fai festa a Santa Bárbara o 4 de decembro, nin o día da Ascensión e eso que é unha aldea de músicos. O caso é que as aldeas quedaron baleiras e sen mocidade, e as grandes e sonadas festas do Concello de **Folgo do Caurel** foron acabando. Na intención de todos está recuperalas ¿Axudamos?.

Mercedes Vázquez Saavedra.



Serigráfica  
ARGENTINA

**IMPRESIÓN SOBRE TODO  
TIPO DE MATERIAL**

C./ Flor de Malva, 21  
Tel. y Fax - 982 20 21 93  
Garabolos - Lugo



## FOTOS DO MUNDO DO CAUREL

Saíndo de Seoane a Pedrafita, na marxe dereita, podemos encontrar o refuxio dun deses viaxeiros excepcionais, que leva o selo da aventura dende o seu nacemento, e que é posuidor dun auténtico tesouro "o mundo en fotos".

Juan Pablo Moreiras naceu na Normandía francesa hai 34 anos, aínda que con ascendencia na comarca de Quiroga. Actualmente traballa como fotógrafo para a Organización conservacionista inglesa "FAUNA & FLORA INTERNATIONAL" que ten como principal obxectivo a conservación da natureza con proxectos a gran escala en máis de cen países.

Dende hai uns anos vive en Seoane dende onde se despraza para traballar a lugares como Sudan, Ruanda ou Panamá. Alí traballa facendo fotos sobre os obxectivos dos proxectos que leva adiante a Organización; máis tarde esas fotos pasan a ilustra-los libros publicacións que se fan cada ano. Ten publicado reportaxes nun bo número de revistas españolas e extranxeiras, coma El País, Blanco y Negro, El Mundo. Time ou BBC wildlife.

Aparte fai os seus propios traballos, entre eles están os de Caurel (Algún publicado en prestixiosas revistas de viaxes)

*"¡O Caurel ole moi ben! É unha mistura de perfumes naturais que fai que te sintas ben só con respirar"* -Confesa cuando lle preguntamos polo que máis lle gusta da Serra.

Leva vindo O Caurel dende ben pequeno; con tres anos traíao o seu avó e quedaban a durmir nun souto de Mercurin, con 13 veu por primeira vez il só andando dende Quiroga ata Seoane.

As súas experiencias traballando en pésimas condicións e no medio de guerras ou desastres naturais concédennlle "un gran angular" para analizar ó que podería ser o futuro do Caurel *"O turismo é a porta hacia un futuro certo, pero ten que facerse ben, ten que ser responsable"*.

Neto de poeta, ávido lector, fotógrafo do mundo, amante da Serra, Juan Pablo Moreiras o noso veciño.

CONCHI BALADO



J. P. M. Subindo Sabinyo

Achegate

**O Caurel**  
Disfruta  
Dun Mundo de Natureza



Por xentileza de Xosé e Angela de Vigo





Follas Secas



Nube tras árbol




Montes



fotoestudio  
**S.H.A.**  
príncipe 45, 1º 36202 Vigo  
tlf 9864388585

M Celada  
S Herrero





ARENAL

N A L

P E R F U M E R I A S

Droguería

Parafarmacia

Dietética

Alimentación Infantil

**ARENAL ES MAS BARATO**


**Calvo Sotelo 93-95  
- SARRIA-**

**Rúa Cardenal 33  
- MONFORTE-**

**Central: Polig. CEAO  
Calle Industria, 94  
27003 LUGO**

**Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14**



**ENTREVISTA A: JAVIER GUITIÁN****DIRECTOR DO CURSO DE VERÁN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NA SERRA***“O futuro do Caurel pasa por potenciar os valores biolóxicos e os recursos de todo tipo”*

Javier Guitián

Javier Guitián, Catedrático de Bioloxía Vexetal da Universidade de Santiago dirixiu o II Curso de Conservación de Recursos Naturais en ecosistemas de montaña do programa de cursos de Verán da Universidade de Santiago, con carácter Bianaual. Trala súa celebración a principios de xullo, analizou o estado do Caurel e comentounos as xornadas.

**¿Cómo surxiu face-lo curso no Caurel?**

Fai 21 anos fixen a miña tesis doutoral no Caurel. É un lugar cun gran interese biolóxico. Traballamos coa estación de Doñana. A area de montaña do norte de España para investigar é O Caurel e no sur a Serra de Cazorla. Estamos a ver como funcionan as cousas, cunha especie de planta común, que cousas hai cos bichos que interactiva aquí e alí e que consecuencias

poden ter esas diferencias.

O ano pasado tivemos un proxecto máis práctico coa Universidade, Xunta e Asociación Río Lor. Fixemos un inventario dos recursos naturais.

**¿En qué consistiu o curso?**

O curso chamouse “Fauna, Flora e interaccións na Cordillera Cantábrica Occidental”. Da fauna falamos do oso e do Urogallo, que desapareceron fai anos e tan só poderán volver si se chega a facer un corredor con Asturias, aparte é difícil porque non hai grandes masas forestais, a excepción dos Ancares.

Tamén falamos da flora, da importancia dos estudos na bioloxía das plantas para a súa conservación. Tamén se tratou da dinámica das poboacións de plantas, da relación entre plantas e bichos. Non se pode conservar nada si non se coñecen estas relacións. Falouse tamén dos cambios do Caurel; fixemos uns paseos pola zona norte para ver O Caurel Atlántico e no sur para ver o que é un pouco máis Mediterráneo.

**¿Qué conclusións sacou do encontro?**

En primeiro lugar, a gran importancia que ten o coñecer as relacións das plantas e os insectos á hora de conservar, e á hora de plantexarse a conservación das plantas. Non son cousas illadas, podes conservar unha especie e cargarte tódolos bichos.

**¿Qué mensaxe lanzaría a xente?**

Chamar a atención da xente que traballa nesto, que se preocupe un pouquiño das cousas ou polo menos que

**PANADERIA  
SUPERMERCADO****ALEJANDRO****FOIGOSO do CAUREL (Lugo)****Tfno. 982 43 30 87**



os grupos traballen coordinados.

De índole máis práctico, e eu creo que hai unha posibilidade real de vencellar o desenrrollo rural do Caurel á conservación dos seus valores biolóxicos, sin necesidade de andar prohibindo grandes cousas nin ningunha das actividades tradicionais. O mellor hai que dar algo de caña as pizarreiras pero hai que buscar a maneira de facelo para que a xente acepte que se faga. Creo que eso sería unha posibilidade. Potenciar os valores biolóxicos podía darlle unha saída O Caurel, que na miña opinión non ten. Podo estar errado, pero levo 21 anos e o único que vexo é que a xente marcha, cada día hai máis persoas maiores. Por qué non probamos algo. Non hai nada que perder.

Creo que potenciar os valores biolóxicos de distintas maneiras, con accións concretas pode darlle futuro O Caurel.

#### ¿Cómo se faría eso concretamente?

Non sei, pero como non se fai nada, e con que cada un faga o que lle saia das narices, que a xuventude marche e nadie queira volver. Hai que conseguir o respaldo da xente, involucrala.

#### ¿Cómo ves O Caurel dende que chegaches hai 21 anos?

Na flora non cambiou moito, hai sitios que cambiou porque se lle dau caña; na fauna igual. No inventario de especies actual, con 175 especies de vertebrados hai 5 ou 6 ou incluso 15 máis que fai 20 anos.

Ahí non sabemos si os métodos da xente de antes influiron.

En canto a vida, cambiou radicalmente. Paseaba por Visuña collendo plantas e había unha escola chea de nenos, había xente xoven na cantina, ¡había xente...!. Agora traballo cerca de Mostad e alí só hai unha nena que non ten con quen xogar. Seoane tiña 12 bares, hoxe quedan 3 ou 4, e a metade do ano non hai xente. Eu creo que está a caer a poboación, os xovenes e ninguén dan unha alternativa. Non sei o que vai pasar eiquí.

#### ¿Cómo, ou cal podería ser a alternativa?

Relacionado cos valores biolóxicos que se poden desenrrolar líneas de potenciación do turismo, potenciación dos recursos de todo tipo, como arqueolóxicos, que os hai moito máis importantes que os de outros sitios que se están vendendo como si fora o non vai máis, invirtindo centos de millóns. Agora vimos do Castro de Vilar que está ahí esquecido sin que ninguén lle bote unha man, hai cousas de verdade moi fermosas.

Hai un potencial grandísimo en restaurar cousas que non se usan. Por exemplo, hai un gran traballo para restaura-las obras dunha canteira que se iniciou enriba de Carbedo. O mellor podemos compensar os postos da pizarra en postos de traballo e desfacer o que están facendo; comercialización de produtos, eiquí non sabemos o mel que temos, nin castañas, nin embutidos.

#### ¿Cómo ves a Asociación Fonte do Milagro?

Véxoa moi ben, excelente, porque creo que un dos principais problemas é a falla de dinamismo social, sen dúbida algunha vencellado a que a xente se marche. Aínda que moita xente non estedes eiquí porque non hai postos de traballo, o cal é lóxico; o manter as raíces e non só vir o fin de semana, senón tratar de dinamizar a comarca dende unha asociación local. Amin paréceme moi ben, xenial. Visto dende fora é, dende logo, para quitarse o sombreiro. A maioría ven un só mes e non só lle importa nada o pobo e a súa xente, enriba chega a desprecialo.

As Institucións coma Concello, Deputación, Xunta e Rio Lor deberían apoiar a Asociación pola súa gran función social. Débese facer un esforzo en axudar a xente que pretende facer algo.

**Pan Artesanal - Carne do Caurel**

PANADERIA

# JATO



CARNICERIA

San Xoan, 12 - SEOANE do CAUREL - Telf. 982 43 31



## O AMENCER DE BRANCA

Para un contode mocidade.

Creo que na vida hai poucas cousas máis fermosas ca imaxinación. Cando esta imaxinación se xunta coa esperanza da xuventude accedemos a un mundo marabilloso, a un paraíso do que ningún ogro nos poderá expulsar. É, por iso, conveniente, achegarnos ás voces de todos aqueles e aquelas que coquetean coas palabras, que xogan o seu comprender con elas, e non importa que sexan escritores de renome universal ou rapaces que comenzan a vivir. Co tempo vaixe adquirindo a técnica de finxir o que de veras se sente, máis tamén é reconfortante ler páxinas que aparecen coma unha predicción de futuros agasallos e, en todo caso, como unha autoanálise sincera da maxia de escribir na propia vida algo máis que os actos comúns de cada día.

Polo que respecta ó conto que ides ler, tede en conta que está escrito por unha autora moi nova. A pesar da trama que me parece un pouco lixeira para unha narración breve, é de destacar

a admirable introspección psicolóxica que se fai dos personaxes e a riqueza de matices que acompañan ás descripcións paisaxísticas. A metáfora do tren e do seu traxecto, identificados coa propia traxectoria vital de Branca (unha protagonista que, namorada do amencer, non se podía chamar doutra maneira), descóbreonos que todos somos peregrinos errantes nesta terra (¡canto de moda está este tema hoxe en día!) e que a constancia e o valor son as armas imprescindibles para botarse a andar.

E xa dende o principio, nós contestaremos como aquel sabio grego ó que un rei, en pago dos seus favores e consellos, lle dixo que pedira todo canto quixera para ser un home feliz. E sabedes o que pediu o home: “-Señor, dádeme camiños, camiños abertos, señor. Camiños.”

Dende O Caurel, terra de xardóns e “montañas máxicas”.

MARICARMEN BRAGADO

### “O amencer de Branca”

Son as primeiras horas do día. Unha luz sutil cae sobre o prado, o ceo é dunha lene cor violeta. Cerra a vista unha néboa tenue e sobre o fondo doce destacan as casas brancas do poboado. Aí está máis alta ca ningunha a torre da igrexa e déixanse ver aquí e acolá unhas pólas curvadas.

A voz del volveu resoar nas vías. El volve a poñerse en marcha. Pouco a pouco vai perdéndose ó lonxe do pobo, a penas, e as fachadas brancas poden observarse e vense extensas praderías verdes, camiños que se alonxan, pezas de sementeira amarela e, no fondo, limitando a paisaxe, un ceo azul claro que se ergue. Ante el van pasando, durante uns minutos, as distintas e diminutas casas brancas que fican ó lonxe. O tren corre a gran velocidade; agora semella un camiño de río que fai un fondo meandro bordeado de arbustos que se inclinan sobre as súas augas. Agora xorde unha leiriña de roseiras en flor, agora máis inmensos trigais aparecen e desaparecen rápidos. O tren corre a gran velocidade e ela, chea de bágoas, acompaña. No pobo das casa brancas deixa todo o que quere para ir a un mundo que nin sequera coñece. A cidade.

Durante os centos de quilómetros que a separan do seu pobo, ela lembra a súa infancia alí, coa súa familia e amigos, nun lugar do que, sobre todas as cousas, lle gustaba o amencer. Nas súas mans leva fotografías dos seus seres máis achegados, na súa mente recordos e no seu corazón lembranzas de todo o seu. Un día, un día de verán, volverá, pero quedalle todo un curso universitario por diante, durante o cal o contacto coa súa familia será por teléfono e cartas.

Xa é tarde e dorme. Branca adormece no vagón daquel frío tren que cada vez a afasta máis e máis. Mentres dorme, quizáis, soña coa súa nova casa ou, quizáis, que volve á aldea, ¿quén sabe?, pero ... O tren chega á gran cidade de Boston e, alí, na estación espéran a súa tía Magda, unha muller fría que nunca puido ter fillos e que, ó mellor, por iso, casou con Mariano, un home moito maior ca ela e que tiña unha filla da súa anterior esposa, xa falecida.

Os tres agardaban a Branca, aparentemente con boa

cara. Branca baixa do tren e a súa cara triste identifícaa. Achéganse a ela e saúdana. Nun taxi marchan para a casa. O chegar, Branca levouse unha gran impresión. A casa era inmensa, coma esas que se ven nas películas e nas que nunca pensa un vivir. Os seus tios levárona ata unha habitación que compartiría coa súa curmá Isabel. Alí, dúas camas iguais, cunha mesiña no medio, unha cómoda en fronte, unha fiestra grande e un armario con espello. Todo fermoso e elegante... e, á vez, tan triste. Non se parecía en nada ó cuarto que tiña no seu pobo, con mobles máis correntes, pero máis alegres, con flores, osiños de peluche e cariño, moito cariño, cariño que, a primeira vista, parecía non ter agora.

Durmiu prácidamente un bo anaco. Viña cansa da viaxe. Cerca do mediodía espertou. Era a primeira vez que durmía entre tantos luxos e unha vez máis quedou abraida ó espertar. Baixou á sala e oosteriormente, pasou ó comedor, xa que a criada lle informou de que os seus tios estaban alí. O chegar, desculpouse coa súa familia e sentou na mesa. Unha vez alí, puxéronlle o xantar, algo que ela nunca probara, e cunha estraña sensación de medo colleu o cuberto trabucado, ó tempo que o rostro da súa tía enmudeceu. Aínda non probara o primeiro bocado cando ela lle gritou: “-¡con ése no es, tonta! ¿Es que nunca has comido nada decente, niña?” Branca entristeceu e a súa curmá Isabel botou un sorriso de superioridade que molestaría a calquera. Sen embargo, Branca pediu perdón e permiso ó seu tío para erguerse da mesa. Tal permiso foi dado ante a fría mirada da esposa.

Branca foi ó seu cuarto triste e soa. Naquel momento pensou que a soidade era máis triste e solitaria do que ela tivera pensado. Pola súa cabeza pasaron pensamentos de regresar a súa querida e lembrada aldea. Tumbouse no leito e ... ¡mañá era luns! Non podía botar a perder o seu esforzo e o da súa familia por un inconveniente cos seus tios. O fin e ó cabo, eran só iso, os seus tios, e non debía de perder un soño por eles.

Pasou a tarde na súa habitación, ordenando as súas cousas e acostumándose ó ruído e á paisaxe que vía pola ventá.

# MORENO

No antigo obradoiro do pintor Avari. MORENO invita a viño doce a tódolos amantes do CAUREL, non fai falla máis que acreditarlo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEN-DKNY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

Paisaxe rara para ela. Non podía ver o sol ocultándose naquel atardecer que lembraba; non podía porque o sol xa quedara tapado polas enormes casas e o que quedaba era unha sombra chea de barullos infernais. Os ladridos do seu can trocáranse en asubios dun tren que a trouxera e que sentía tódalas tardes á mesma hora. Pensaba tamén que el, seguramente, vería case tódolos días o que ela só ía poder lembrar.

Penhando niso estaba cando alguén chamou á súa habitación. Ó dicir “-Pase”, a serventa abriu a porta e díxolle que a cea estaba lista. Branca, desanimada e con medo a equivocarse ou quedar mal, dixo que non tiña fame, aínda que, no fondo, morría polas empanadiñas da súa nai, pero como sabía que alí non as podería comer non se lle ocorreu nada mellos que dicir que non cearía.

Ó pouco, alguén volveu tocar á porta e ... a súa curmá Isabel, ó entrar dixo que tiña sono e que non a molestaran. Branca pasou a noite sen pegar ollo. Tiña fame, era verdade, mais esa non era a razón principal do se desvelo, senón o luns, día sinalado, o seu primeiro día de clase, naquel lugar raro, descoñecido, ¿cómodo?, ¿incómodo?. Estando nestas a súa cabeza, soou o espertador, ergueuse dun brinco, meteuse na ducha e baixou ó comedor antes de que a súa curmá saíra da habitación. Ó chegar cruzouse coa súa tía Magda, quen exclamou : »¡Madrugadora!, ¿estarás acostumbrada del campo?». “Si, bueno...” exclamó Branca con medo. A súa tía marchou e Branca dirixiuse á cociña. A verdade é que prefería comer entre xente sinxela. Rematou e agardou na porta á súa curmá con ansias de chegar ó lugar onde pasaría a maior parte da súa estadía, naquel lugar descoñecido. Minutos máis tarde apareceu Isabel e foron xuntas, pero, cando chegaron, Isabel foi saudar a unhas amistades e deixouna soa. Ó pouco tempo de estar alí, un grupo de rapaces que pasaba riuse dela, véndoa tan soa, e colléronlle a chaqueta. A pobre, sen saber que facer, permaneceu naquela esquina, sen compañía, sen cariño e en soidade, desprotexida en medio daquela enorme cidade chea de xente estraña.

Soou o timbre de entrada. Branca, coa mirada, procuraba axuda na súa curmá, a cal non atopaba por ningures. Non sabía onde dirixirse, non sabía da súa clase. Só vía moita xente. Un tremendo atordoamento e ela perdida no medio daquel gran edificio. Nunha porta viu 1º A e meteuse naquela clase sen saber de nanda nin de ninguén, pero era o seu soño e non podía quebrarse ó principio. Alí, dentro, o profesor dixo nomes e por ningún lado a nomeara. Timidamente preguntou: “-¿Es ésta mi clase, señor?”. Con cara seria aquel home díxolle: “-¿Te nombré, muchacha?”. “-No.”- dixo Branca. “-Pues, entonces, no eres de aquí.” Os outros rapaces riron e ela marchou avergoñada. A seguinte porta era 1º B, co cal entrou. Alí, a profesora díxolle: “-¿Eres tú Branca González de la Fuente?”. “-Sí, señora.”- dixo Branca. Case non se percibía a voz tímida de Branca entre tanto barullo e risos da clase. A mestra díxolle que sentara e ela tomou asento ó lado dunha rapaza alta, aparentemente presumida e cun estilo moi diferente ó dela.

Alí ía Branca día a día, a aquel lugar de xente moi distinta a ela. Na casa dos seus tíos era menosprezada por Magda e louvada polo seu tío Mariano que a consideraba unha rapaza exemplar. Pouco a pouco a súa covardía foi pasando e tódalas tardes falaba coa súa familia por teléfono, pero a tristeza e morriña do seu pobo e o cariño dos seus os levaba dentro. Alí aprendera moitas cousas, mais unha delas e a máis importante era non dicir nin exteriorizar os seus pensamentos e tristezas. Todos facían así e ela aprendera rápido gracias á confianza que tiña en si mesma.

Xa estaba a metade de curso. Faltáballe menos tempo

para volver á súa saudosa terra. Sacara as mellores cualificacións de toda a clase e na mente dalgúns envexosos compañeiros nacía unha inquedanza que non era nada boa. Un día a profesora pediulles un traballo que sería a nota para aprobar o curso. Era un traballo amplo, completo, moi traballado e de moito tempo. Aquela mesma tarde Branca púxose a traballar nel con todo esmero para poder lograr a mellor nota e aprobar o curso. Pasaron os días e Branca traballaba fortemente para alcanzar a súa meta. Por fin chegou o día da entrega. Esforzárase ó máximo para conseguir o resultado esperado. Aquela mañá Branca amencera cunha estraña sensación e como un presentimento rondaba pola súa cabeza. Lembraba palabras dalgúns compañeiros que lle dicían que algo lle tiñan gardado para ese día esperado. Ela era consciente de que a envexaban e que farían todo o posible por cambiar a súa sorte naquel sinalado día. Branca decidiu cambiar o seu traballo polos apuntamentos dun libro de literatura e gardalo nun lugar ó que os demais non puidieran chegar. Marchou para as clases e sentou, coma sempre, no seu sitio. Eles non o sabían. Branca percibía unha mirada rara en todos. Por iso, no descanso subiu a clase polo traballo e deullo á profesora sen que ninguén se decatara. A hora de recoller os traballos Branca fixo crer ós seus compañeiros que non lle aparecía o traballo. Esa noite deberon de durmir tranquilos pensando que cobrarán algo que ninguén lles debía.

Pasaron dúas semanas e chegou a hora das notas, todos correron ó lado de Branca saborear a súa revancha pero... a sorpresa foi as notazas de Branca. Houbo un espanto xeral. Preguntáronlle a Branca o porqué desas notas e ela díxolle: “-Porque estudei.” Era a primeira vez que Branca respostaba desa maneira, co cal non se sentía moi ben, máis, ó fin e ó cabo, eles o buscaran.

En todo este tempo Branca convertérase nunha bela moza emprendedora que soubera ser forte e enfrontarse ás adversidades da vida, tal e como o tiña proposto. Só fixera un curso. Aínda lle quedaban máis, pero xa empezara e o primeiro paso era o máis importante.

Chegou o anoitecer, un anoitecer belo, coma se aquela grande cidade quixera despedirse dela dalgunha forma. Branca marchaba, si, marchaba, e volvía ó lugar polo que tanta morriña sentía. Volvía cun soño cumprido. Iso era o máis importante. Branca sobe ó tren e alí deixa algo, algo que non botará en falta, que nunca amará tanto coma o seu pobo, aínda que agora tamén o novo lugar era seu, pois lle axudará a cumprir o seu soño.

Branca pensaba. Un día aquel tren a afastara da súa aldea. Agora a achegaba máis e máis. Ata aquel frío tren parecíalle a cheminea da súa casa, “-¿Cómo estarán todos despois dun ano máis?”- preguntase. E tarde e Branca adormece, pero ó entrar no pobo o tren asubía e ela esperta. Era o seu pobo. ¡O amencer! ¡¡Sí!! Era o amencer do seu pobo e no verán, como a ela lle gustaba. O tren detívose e ela baixou. Baixou ilusionada. Alí agardaba toda a familia. O vela a todos se lles encheron os ollos de bágoas. Volvera, e tan cambiada, pero coa mesma dozura de sempre.

Ó chegar á casa foi ó seu cuarto, e alí estaba todo ordenado e cheo de cariño. Coma sempre, lembraba. Aquela era, seguía sendo a súa familia e ó fin estaba con eles. Baixou a comer e súa nai tiñalle as sabrosas empanadiñas de sempre.

Cando rematou de xantar, branca correu, correu polos camiños do seu fermoso lugar e falaba coa xente. Estaba tan contenta. Estaba de novo no seu pobo, no seu fogar e cos seus. Xa non se sentía soa. Agora aprendera cousas e era a mesma pero outra. Era Branca e estaba, de novo, na aldea e rodeada de cariño.

BEGOÑA LOPEZ RODRIGUEZ



## Hospedería Bar **FERREIRO**



- **Habitaciones con baño**
- **Comidas de la zona**

Tel.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23  
Seoane do Caurel (Lugo)



## COUSAS QUE ACONTECERON

filandóns,



*O máis respecto absoluto  
Pido eu de corazón,  
Para Elvira Touzón Quiroga,  
Abuela do “Filandón”.*

*O vintenove de Abril  
Xuntámonos en Folgoso  
Amigos do “Filandón”  
Tamén a familia de Foxo.*

*Xuntos todos en Folgoso  
Casi no alto da serra  
Para facerlle unha homenaxe  
Á dona Elvira de Santa Eufemia.*

*Na capital do Caurel  
Xuntos alí en Folgoso  
Para facerlle unha homenaxe  
E darlle o agarimo noso.*

*Démoslle moita ledicia  
Prestémoslle atención  
E démoslle o noso agarimo  
A abuela do “Filandón”*

*Con infinita ilusión  
Este poema adico  
A dona Elvira Touzón Quiroga  
Con el o meu agarimo.*

*Eu que non sabía nada  
Dígollo de corazón  
Ben connigo un agarimo  
Para abuela do “Filandón”*

*Pouco eu podo falar  
Nada sei da vida dela  
Por Musicas do Caurel  
Sei que é de Santa Eufemia.*

*Traigo eu este agasallo  
Moita ledicia no peito  
Para a nosa abuela Elvira  
Da miña terra de Outeiro*

*Veño eu desde Outeiro  
Cargado de ilusión  
A facerlle esta homenaxe  
A abuela do “Filandón”*

*Estreliñas hai no ceo  
Que moito están a alumar  
Noventa e tres anos de Elvira  
Que lle están a brilar*

*Hai un ramallo de estrelas  
En Santa Eufemia alumneando  
Os anos de dona Elvira  
Para todos están cantando*

*As Músicas do Caurel  
Moito ten que agradecer  
A dona Elvira entre outros  
Por elas tanto facer*

*Toda a xente do Caurel  
Ten que estar agradecida  
Por tantas cancións que cantou  
A nosa cantora Elvira.*

*Da nosa querida Elvira  
Moito temos que aprender  
Tanto que nos ensenhou  
nas Músicas do Caurel*

*Nas Músicas do Caurel  
Estivonos a ensinar  
Tantas cousas que sabía  
Para nos podelas cantar.*

*Para nos podelas cantar  
Tamén tocar e bailar  
Na música do Caurel  
Que foron tan popular.*

*Eu quérolle recordar  
A nosa cantora abuela  
Que as Músicas do Caurel  
O “Filandón” a espera*

*As gracias máis infinitas  
A Elvira quero dar  
Polas cancións que sabía  
E ela tan ben cantar.*

*Deséxolle moita sorte  
E moitos anos cantando  
Polas terras do Caurel  
A nosa música levando.*

*Que a quero ver cantando  
É moitos anos de vida  
Hasta o cinco de Agosto  
Que nos vexamos Elvira*

*Pido eu de corazón  
A todos eiquí en Folgoso  
De facer o que se poda  
Por este Caurel fermoso.*

*Por este Caurel fermoso  
Natural, un paraíso,  
Por que non quero que morra  
Téñolle moito agarimo*

*Manolo Méndez Silvelo  
Outeiro Quiroga*

*Domingo 29 de Abril de 2001*

**RESTAURANTE-HOSPEDAXE**

NOVO

HABITACIONES E COMIDAS C      ASEIRAS

**FOLGOSO DO CAUREL(LUGO)**  
**Tfno 982 433 007**

## RUTAS POLA SERRA



O colectivo "FONTE do MILAGRO" organizou, nesta primaveira, unha serie de rutas guiadas para dar a coñecer vellos sendeiros e amosar ás persoas que asistiron a estas xornadas de sendeirismo as fermosas paisaxes que, dende estes camiños, se poden ollar. Estes sendeiros foron acondicionados por membros da Asociación e outros colaboradores. Na actualidade

estase a traballar para recuperar un sendeiro que, paralelo o río Lor, leve dende o seu nacemento no Concello de Pedrafita do Cebreiro hasta Barxa de Lor no Concello de Pobra de Brollón e así atravesar na súa totalidade O Caurel.

Para o outono pretendese seguir co calendario de Rutas.

## REUNIÓN DOS MAIORES DO CAUREL

O pasado 9 de Xuño e organizado polo Concello, Hosteleiros do Caurel e a Xunta, reuníronse nunha comida boa parte dos maiores do Caurel. É a primeira vez que se celebra este evento e, o ver a xornada de ledicia que se viviu, ven a decir que o vindeiro ano repetirase. Foi Seoane o lugar elixido para a reunión.

Despois de desfrutar dun bo xantar, entregáronse agasallos as persoas de máis idade e rematouse cun baile, donde os nosos vellos demostraron que o dito e verdade. "Quen de novo baila ben de vello dalle un xeito"



## CASA RURAL BONIFACIO

**6 Habitacións con baño - Cociña tradicional**  
**Fermosas paisaxes da Montaña do Lor**  
 Vilar de Lor, Quiroga -Lugo Tlf. 982-185449



## O CAUREL: Desenvolvemento ou desaparición



Baixo a premisa de que O COUREL VENDE, ampáranse a meriande parte de iniciativas privadas e públicas que se están a desenvolver nos arredores deste concello. Dende hai uns 10 anos, parece ser que a xente deuse conta de que con este nome pódese facer calquera cousa e sacarlle unha rentabilidade moi alta. Todos se deron conta delo, agás os propios do concello, que agora empezan a despertar, baixo o pasotismo das institucións públicas que o gobernaron e gobernan.

Resulta moi triste acudir a calquer establecemento comercial das grandes e pequenas cidades, e encontrarse con logotipos: “queixo de O COUREL”, “Carne de O COUREL”, “castañas de O COUREL”, “mel de O COUREL”,....Parece coma se se tratase dunha denominación de orixe, de algo que foron a buscar alí e que ofrecen ó público. Pero, nin por asomo procede da zona, agás o mel que sí se produce e envasa alí. Como no Caurel somos tan xenerosos cedemos o nome para que calquera poida facer acopio duns suculentos recursos económicos sen que lle supoña ningún gasto adicional, nin reporte beneficio algún para a zona. A isto, hai que añadirle a proliferación de literatura barata que se está a producir baixo o paraugas de O COUREL, e que está a encher os bolsillos de cartos a quen escribe sobre él. Hai que recoñecer sen embargo, que dentro das publicacións sobre esta zona, existen algunhas con suficiente rigor, feitas con profesionalidade, por persoas que se “patearon” O Caurel e que teñen en gran consideración.

Hoxe a xente fórrase con calquera cousa que leve este nome, pero os gobernantes non parecen darse conta. É máis, permítieno. O Caurel pasou de ser un concello completamente

descoñecido, máis próximo á non civilización, aillado, sen luz e auga nos pobos; a ser un sitio maravilloso ó que todo mundo quere ir, ó que algúns se dedican a aproveitar ó maximo para sacarlle algunhas “peliñas”, facendo o agosto. Tempo atrás O Caurel fixose famoso polo que escribía ou falaba a xente del; hoxe a xente faise famosa (e rica), falando e escribindo sobre O Caurel. Esta é a realidade, o demáis é o que queren facernos ver.

Con todo elo, esta realidade tamén se pode cambiar. A xente desta zona debe despertar do letargo no que está sumido; adaptarse ós tempos que corren. Si a xente de fora estase aproveitando do que vende O COUREL, ¿por qué non poden facer o mesmo os que habitan nel? Só hai que poñerse. Hoxe poderían facerse moitas cousas, con ou sin o apoio

institucional. Ben é certo que éste non existe, porque baixo a peculiaridade da zona, as propias institucións non parecen coñecer a función de “facilitadores”. Así estamos: sen rutas suficientes elaboradas e convenientemente sinaladas; sen áreas recreativas; sen un plan de recuperación da zona; sen unha correcta recollida de lixo; sen uns bos accesos; sen información; sen servicios; sen recursos culturais, deportivos e de animación; sen organización; sen representación; en resumo, sen nada. O pouco que hai, é produto da iniciativa privada e duns poucos que lles dá por tolear e se poñen a facer algo por este maravilloso entorno. Con esta situación os concellos veciños “frótanse” as mans, porque todo pasa por eles, e o mellor queda alá. Con todo, é de agradecer o entusiasmo, o tempo e traballo que moitos dos que asiduamente visitan O Caurel, están a facer para que esto cambie; porque os que estamos aquí xa estamos para isto, aínda que moitos pensen o contrario.

¿Cando se darán conta os nosos gobernantes de que hai que despertar? Que hai que poñerse as pilas e facer algo por mellorar a calidade de vida dos cidadáns do Caurel. Hoxe estánnos dando paos por tódolos lados, poñendo trabas para calquer desenvolvemento da zona, ou polo menos é o que dín. ¿Non será que non teñen intención de arriesgarse e poñerse a facer algo? ¿Ou non será tamén que, aínda querendo, non saben cómo facelo? Claro, que é máis importante que o fagan outros (a ser posible sen colaborar), e desa maneira os méritos son de todos (incluídos eles).

O Caurel ten diante de sí un reto moi importante para os



Rúa Quiroga de Arxentina, 12-Bajo Izq.  
27.320 Quiroga (Lugo)

Teléfono: 982 42 87 65  
Móvil: 659 78 14 10  
Fax: 982 42 87 65

E-mail: metrovial@yahoo.es

próximos anos, para o seu futuro. Xunto con outros concellos limítrofes, está inmerso nun entorno denominado como "espacio en réxime de protección xeral". Isto traerá consigo unha serie de consecuencias que en condicións normais van a ser rentables para a zona. Esperemos que así sexa. Pero moito nos tememos que supoña un avance importante, porque require grandes inversións, grandes feitos, que non sabemos si as institucións estarán dispostas a facer. O que si resulta predecible, e que estas accións si se van a acometer nos concellos veciños, porque si de algo poden presumir é de iniciativas. Logo algúns virán dicindo que se aproveitan do Caurel. Claro que se aproveitan, tan tolos serían, se os deiqui non saben facer nada, non por iso van eles quedarse parados. E como baixo o logotipo O COUREL encóntranse varios concellos, pois utilizan porque si que vende. Mentras, nós seguiremos a remolque. Para empezar, hai máis dun mes que se publicou a Orde que regula-declara estes espacios protexidos, e aínda o concello non informou ós pobos, nin preparou ningunha campaña de información e sensibilización. Claro que ó mellor están esperando que o fagan os cidadáns, ou os dos outros concellos. O mesmo ocorre con importantes inversións que a Universidade ten previsto facer no Caurel; parece ser que

o Concello no é capaz de afrontar a situación, e terán que ser os veciños os que "faciliten" estas inversións. Claro, como non se queren implicar para non quedar mal con uns e ben con outros, pois así nos vai.

Resulta penoso que sigamos baixo a total desinformación cando na sociedade se está a falar das autopistas da información, claro, como eiqui só temos carreteras cheas de curvas, e malas, tarda tanto en chegar ós pobos a información.

O Caurel vende, que digo, morre pouco a pouco porque os seus representantes non queren nin saben afrontar a realidade do sitio con proxectos ambiciosos, coherentes ca conservación do medio pero ó mesmo tempo con proxección de rentabilidade a longo prazo. Con isto en poucos anos quedaremos despoboados e cada quen campará ás súas anchas por estas terras. Proveito pos veciños, que ó tempo de crear postos de traballo, arreglan ben os seus concellos, e de paso lévanse a xente para eles. Eses si que saben como vende o Caurel.

*Santamariña, 2001.  
Piapáxaro.*

## DE QUE FALAMOS?

A Foto corresponde a unha das actividades que o Colectivo "FONTE do MILAGRO" está a organizar. ¿Sabes decirnos: ¿de que actividade se trata?, ¿en que lugar se celebrou? e ¿que data se corresponde coa foto?

Si desexas participar sobre cos teus datos o seguinte recadro e envíao a: *Asociación Cultural. "FONTE do MILAGRO"*.  
Froxán, 4 - 27325 O CAUREL Lugo  
Os cupons que se reciban antes do **30/09/2001** coas respostas correctas entrarán no sorteo dun agasallo.

D/Dna.....  
Enderezo.....  
C.P..... Cidade.....  
Provincia..... Telef.....  
A ACTIVIDADE E:.....  
CELEBROUSE EN:.....  
DATA:.....  
Podes fotocopiar o recadro si non desexas cortar a Revista



**euro**   
 **lack**  
fábrica de pineturas

**pinturas RICARDO**  
RICARDO VARELA VARELA  
DELEGADO DE VENTAS  
M<sup>a</sup> TERESA CASTRO ÁLVAREZ  
VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - bajo A  
Tfno. y Fax 982 212 209  
Particular 982 245 248  
27003 LUGO



## O CASTRO DE VILAR DO CAUREL

O Castro de Vilar do Caurel ocupa practicamente a totalidade do cumio dunha crista rochosa alongada cunha clara orientación Norte-Sur, elevándose perpendicular en todo o seu perímetro sobre a veira esquerda do álveo do Rio Lor.

O asentamento, que pertence á serie de castros altos que defenden o camiño ou camiños que circulan polas veiras do río, precisou para a súa construción a modificación de boa parte da superficie a ambos lados da crista, mediante socalcos de altos muros ou ben desenvolvendo un enorme traballo de picado sobre a rocha nai. O esforzo empregado no acondicionamento deste poboado non garda proporción coa superficie total axeitada para unha mínima habitabilidade a e a vista do contorno sempre sorprende que non empregaran a crista contigua que mantén a mesma dirección, e o que é máis importante; coa metade do esforzo acadarían unha superficie completamente chan, con maiores dimensións e as mesmas defensas naturais por tres das súas caras.

Hoxe en día chégase o Castro de Vilar por unha estrada asfaltada e de forte pendente que partindo do Alto do Boi baixa ata aldea de Vilar, onde colleremos por un camiño ben sinalizado, aínda que con dubidoso gusto, que atravesa primeiro un fresco e frondoso soto e despois unha sucesión de terras de labra. Despois de percorrer uns 650 metros chegamos á zona do antecastro onde se asenta a capela de San Roque, pequena peza de raizame popular. Unha vez no xacemento existen dúas posibilidades de completar un fermoso paseo polos camiños que xa empregaron os primeiros habitantes do castro: o primeiro baixa pola ladeira oriental, cruza o río Lor e nos conduce a Vilamor cara o Norte. O segundo baixa pola ladeira occidental e atravesando tamén o río diríxese cara o sur polos lugares de Froxán e Castro de Portela.

O emprazamento castrexo é un espectacular macizo de lousa de natureza moi agreste onde se traballou a esgalla en tódala superficie para, como dicía con anterioridade, configurar camiños, construír defensas e achaiar-lo terreo necesario para a construción dun reducido número de vivendas. Este macizo rocoso constitúese inaccesible na totalidade do seu perímetro, excepto polo sur, onde atopámonos os máis variados recursos defensivos.

Daquela, en canto a estrutura formal, podemos distinguir varias zonas de características ben diferenciadas: na banda occidental, emprázase o lugar de habitación do castro, na banda oriental, atopamos numerosos socalcos que orixinaban pequenos anacos de terreo achaiado, no vértice do espólon, pola cara norte, o poboado remata cunha defensa integrada por un conxunto de foxo e muralla de menor importancia que no sur, xa que a defensa imposta pola propia configuración natural semella un atranco máis que suficiente.

A entrada ó Castro realizábase, como na actualidade, polo sur, o que motivou



unha enorme concentración de elementos defensivos nesta zona. Neste lugar o sistema de protección baseábase, sobre todo, en catro foxos consecutivos, aparecendo o terreo inmediatamente anterior ó primeiro, semrntado de pedras fincadas para dificultalo avance, sistema defensivo empregado tamén en outros castros do Caures (Castro de Foz, Castro de Torre, Castro de Brio, etc.). O Camiño de acceso ó emprazamento realizaríase sortendo o primeiro foxo polo oeste, onde se controlaría o paso dende un torreón de planta practicamente cadrada. Unha vez superado o primeiro oco atoparemos un grande complexo constructivo qu defende o paso polo este mediante unha torre situada na zona máis elevada.

Dende a torre e cara o flanco oriental aínda podemos olla-los restos, entre abundante vexetación, dos socalcos compostos por unha serie de macizos graduados con paramento exterior redondeado.


No norte a defensa realizase mediante dous pequenos promontorios rochosos cun espacio interior pechado por unha muralla de 11,50 m. de lonxitude e un grosor comprendido entre 2.50 e 2.75 m.

O núcleo principal de habitación preséntase moi concentrado nun sector da ladeira occidental. Aquí atopamos once vivendas visibles na superficie que nos permiten ter idea do máximo aproveitamento do terreo; daquela, algunha presenta planta completamente irregular para acomodarse ó espacio que se preparou labrando na mesma rocha ou enriba de pequenos socalcos. A ausencia de espacio suficiente obrigou nalgúns casos a amorrea-las construción, chegando algunha vivenda a compartir treitos comúns do paramento. Polos mesmos condicionantes da falla de espacio as dimensións das casas tamén é variable.

En canto a cronoloxía don Castro, despois da intervención de limpeza desenvolvida no ano 1993 os arqueólogos chegaron á conclusión de que a estrutura deste xacemento racha con sesquemas normais dos castros e o afasta das súas cronoloxías para achegalo cara o noso tempo. Daquela, no seu conxunto, lembra o prototipo de fortaleza medieval de cronoloxía moi temprana, que podería establecerse ó carón dos séculos IV-V da nosa er.

Malia as numerosas conclusións que podemos obter cunha simple visita, aínda resta moitísimas información por extraer deste libro aberto de cara o noso pasado. Sería moi agradable que as distintas administración con competencias na materia decidiran a urxente intervención arqueolóxica nun xacemen tan destinado pola súa situación a desaparecer en poucos anos, senter realizado nin tan sequera unha pequena investigación sobre o mesmo.

RAMÓN VILA



Información tirada de:

- Excavaciones arqueológicas en España: El Caurel. J.Mª. Luzón Nogue, F.J.Sánchez- Palencia Ramos y otros. Edit. Ministerio de Cultura. Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos. 1980.

**PROCONS**







Rúa do Peregrino, 29 baixo  
27600 Sarria LUGO  
Tfno. 982 532 636  
Fax: 982 534 097  
E-mail: proconssarria@terra.es

**QUEBRACABEZAS****PALABRA OCULTA**

Adivina a palabra que se oculta.

1. Utensilio que se pon nas portas para pechalas.
2. Con... pan e viño ándase o camiño.
3. Aparello moi útil para a limpeza de camiños.
4. Uns dos bosques mellor conservados de Europa.
5. Traballo principal no campo no verán.
6. Producto moi doce que fabrica un insecto.

**A CANDEA 1º ANIVERSARIO****BREVES****ALUGUER DE QUADS NO CAUREL**

Dende este verán ofértase ós visitantes e a tódalas persoas en xeral, a posibilidade de alugar Quad (Vehículos con características de motocicleta pero de catro rodas). A idea xurdiu de Carlos López López da Casa Rural Rodrigo de Paderne. "Era unha actividade máis que os visitantes que se achegan O Caurel demanda". Este xoven, por iniciativa propia, mercou tres vehículos que poderán alugarse por un periodo de tempo e así percorrer e disfrutar de paraxes difíciles de esquezner. Esta é a primeira oferta que se fai na zona, modalidade esta xa extendida noutros lugares.

Para mellor información chamar o teléfono 606 605 141.

**CONCURSO EXPOSICION FOTOGRÁFICO**

Dende o 1 de xullo ó 31 de agosto expoñeranse as fotos do concurso fotográfico OBXETIVO O CAUREL que a Asociación organizou dirixido a afeccionados á fotografía. En total expóñense 27 fotos que chegaron de distintos puntos para tomar parte neste certamen. A exposición, que terá un carácter itinerante, comezou o día 1 de xullo no Bar "O Ponton" de Ferreiros de Abaixo ata o día 15 que se trasladará a Seoane para ser exposta ata o 31 de xullo na "Casa Ferreiro" e logo dende aquí irán ó Hostal "O Mirador" de Folgoso a primeira quincena de agosto. O xurado que decidirá que foto leva o premio está composto por profesionais e tamén se terá en conta a opinión que os visitantes podan facer, para eso a Asociación dispuxo unhas papeletas para que podan elixir a foto que máis lle guste. O premio a foto gañadora consistirá nunha fin de semana nun aloxamento rural do Caurel.



## RECUNCHO PARA A POESÍA

**"CAUREL" UN CONCELLO, UN MUNDO...**

Nacín no Caurel,  
non importa en que pobo,  
todo o Concello enteiro é  
agarimoso coma el solo.  
lées ventos que abanexan  
os arbustos na ladeira  
tráenme tenros recordos  
de cando era pequena.  
Ía coas vacas ó monte,  
Disfrutaba de cada herba,  
porque tiñan as súas raíces  
nesta benquerida terra.

Si buscas paz e harmonía  
non te afastes do Caurel;  
Alí tés o que buscas,  
déixate levar por el.  
Nas montañas do Cebreiro,  
onde vivo eu agora  
sigo ollando para ela,  
sigo ollando sí, e eu sí poido  
vela.  
Outros tiveron que ir máis  
lonxe  
e con máis sentimento están

desexando voltar canto antes  
O Caurel a disfrutar.  
Meus poemas son sinxelos,  
doadiños de interpretar,  
sáenme así do corazón  
e así a todos poder chegar.  
E se chegan o Caurel  
moito maior é o meu gozo,  
xa que todo canto sei  
a el debil-lo todo.

M<sup>o</sup> NEVES**OS NÓS AUTORES E POETAS EN CONCURSO DOUTROS CONCELLOS**

*Ista poesía gañou o primeiro premio do Concurso Literario Comarca de Ordes na Coruña*

**PENSANDO NUN MUNDO MELLOR**

Nunha sociedade insolidaria, consumista e  
insensible  
Donde o diñeiro se considera cultura e prestixio  
Donde a competitividade escomenza as sete da  
maña e,  
O infarto con sorte anos máis tarde,  
Donde a ansiedade-depresión se arranxa co último  
elixir da botica,  
Os que viven na escuridade,  
Os que carecen dende o seu nacemento da mama  
marabillosa  
Da nai que os mima e sustenta,  
Os que carecen de lágrimas nos seus ollos  
-pois non brillan coma os seus dentes-  
son felices nas tebras.  
Para Xan Díaz, neno de nove anos dos montes do  
Caurel  
Non existía a noite,  
Non existían as cores deiversas e marabillosas  
Da vexetación que lle rodeaba, palpábao, oíao,  
imaxinábao  
O que lle producía unha gran ledicia que se  
marchitaba pouco a pouco.  
Preguntándose:  
¿Cómo non poido ver coma os demais nenos?  
¿Cómo non poido disfrutar das súas caras, dos  
seus xogos,  
das súas pícaras sorrisas?  
Que daría eu ver e admirar os frondosos sotos de  
castiñeiros  
O corretear dos esquíos,  
O pisar firme e alegre do cervatillo,

O voo da aguia real,  
A pel brillante e suave da londre  
A axilidade e fiereza da marta e da xineta,  
As augas marabillosas do río Lor.  
¿Por qué choran os meus amigos polas cousas  
máis ínfimas  
se eu non poido nin chorar,  
se eu me conformo co ruído das fontes,  
co cantar dos paxaros e o calor do sol na miña cara  
o pan de centeo na miña alforxa  
e os contos dos meus avós nas frías noites de  
inverno?  
Con eso son feliz.  
Eu so pido a Deus seguir vivindo,  
Seguir disfrutando do que como, do que palpo,  
Do calor dos meus pais no seu leito,  
Da miña imaxinación,  
Do cariño dos meus amigos,  
Da comprensión dos pobres,  
Da soidade dos que sofren.  
A pesares de ser cego  
Sigo pensando nun mundo mellor...

MUNDO CASTRO.

Colabora:



Concello de Folgoso do Caurel

**Unha area recreativa  
en plena natureza  
do Caurel**

Carnes a brasa e  
productos da zona

[oponton@hotmail.com](mailto:oponton@hotmail.com)

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar  
**O'PONTON**

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18



**CAIXA RURAL  
DE LUGO**

Oficina Folgoso do Caurel